

# Sobre a nova Lei de Educación (LOCE)

José Luis Estévez

Neste curso académico 2003-04 que acaba de començar, o alumnado da ESO vai ser o primeiro en experimentar os novos cambios da Lei Orgánica, 10/2002 de 23 de decembro, de Calidade da Educación -LOCE- (BOE 24/12/02) posta en marcha polo partido do goberno estatal, e rexeitada polos partidos da oposición, sindicatos, asociacións estudiantís e ANPAS de centro públicos, entre outros.


Por tanto nace cunha falla de consenso e malestar entre a comunidade educativa, en especial polo tema do "feito relixioso" -obligación de cursar a asignatura de Sociedade, Cultura e Relixión nas opcións confesional ou non confesional, e avaliables a efectos de repetición de curso-; de feito CCOO, CEAPA e outras organizacións están a presentar recursos de anticonstitucionalidade amparándose no precedente da sentenza do Tribunal Supremo do 1998 sobre o "decreto regulador da asignatura alternativa a Relixión" do 1994. Así, os partidarios da opción relixiosa imponen, de feito, ós demais a asignatura non confesional, cando o seu currículo xa debería estar integrado na materia de Historia, e ademais as horas adicadas á opción confesional son as mesmas ou maiores cás adicadas á Ed.Física en todas as etapas, á Ed. Artística en primaria, a Música, Ed. Plástica e Cultura Clásica en secundaria, ou Filosofía, Historia de España e Hº da Filosofía e da Ciencia en bacharelato.

Na exposición de motivos da búsqueda da "calidade", a Lei apóiase en cinco eixos que imos comentar brevemente:

- do "valor do esforzo e da esixencia persoal" por que estes estaban debilitados ó fallar o concepto

do deber, da disciplina e do respecto ó profesor; coma se cun cambio de materias ou con maior poder da dirección puidesen mellorar eses aspectos, sen facer a necesaria reflexión sobre o sistema en que está inserto actualmente o alumno -eido familiar, escolar e sociedade cotiá- .

- da procura dunha "mellora dos resultados" mediante exames de setembro, repetición de curso, "reválida en bacharelato", ou sistemas de avaliación externos coma a xeral de diagnóstico ó remate da primaria e secundaria -con carácter informativo e orientador-; mais o "fracaso escolar é



<http://cedofeita.arcanaverba.org>

- do "valor do esforzo e da existencia persoal" por que estes estaban debilitados ó fallar o concepto do deber, da disciplina e do respecto ó profesor; coma se cun cambio de materias ou con maior poder da dirección puidesen mellorar eses aspectos, sen facer a necesaria reflexión sobre o sistema en que está inserto actualmente o alumno -eido familiar, escolar e sociedade cotiá- .

- da procura dunha "mellora dos resultados" mediante sistemas de avaliación externos coma a xeral de diagnóstico ó remate da primaria e secundaria -con carácter informativo e orientador-, ademais da PXB, que pode ser positiva segundo se interprete; mais o "fracaso escolar é un fracaso social" entendendo este como interacción das variabeis -propio alumno, familia, profesorado, metodoloxías e administración educativas-.

- na defensa dunha "configuración flexible" que a leva a variedade de traxectorias -itinerarios-; o que rexeita un dos alicerces da anterior lei LOXSE a "comprensividade e diversidade" -carácter obrigatorio ata os dezaseis anos e cun currículo común e básico para todos os alumnos, pero á vez flexible para atender á diversidade de intereses, capacidades e motivación do alumnado-; mais o adiantamento de elección de itinerarios cara a 3º da ESO (tecnolóxico, científico-humanístico, e principalmente os PIP) levarán á segregación do alumnado e a establecer categorías nos centros de secundaria da localidade.

- do reforzo da "consideración social do profesorado"; no que articula unha carreira profesional, no que se recrea o corpo de catedráticos de ensino secundario, coma se só con dominio da materia levara aparelado ser un bo docente, esquecendo aquilo de ademais do "rigor científico" a "transparencia didáctica e o equilibrio emocional".

- da "autonomía dos centros", semellante a LOXSE e seguindo a LODE; mais é de salientar que abre a porta a obter recursos complementarios ós

Calendario de implantación da LOCE.					
(Período de implantación da LOCE, cinco anos. RD 827/2003 de 27/06. BOE 28/06/03)					
NIVEIS	CURSOS ACADÉMICOS				
	2003/2004	2004/2005	2005/2006	2006/2007	2008/09
PREESCOLAR	Posibilidade de implantación anticipada (1)	Inicio da implantación en 1º	Implantación 2º	Implantación 3º	
INFANTIL	Posibilidade de anticipación da gratuidade (1)	Implantación xeral e inicio da gratuidade	Xeneralización da gratuidade		
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	Implantación dos novos criterios de avaliación e promoción. Desaparición da "promoción automática"	Implantación de 1º, e dos Itinerarios en 3º ESO. Implantación do 1º curso dos Programas de Iniciación Profesional	Implantación de 2º e itinerarios de 4º de ESO Implantación do 2º curso dos Progr. Inic. Prof.		
BACHARELATO		Implantación de 1º.	Implantación de 2º; e da Proba Xeral de Bacharelato.		
ENSINANZAS DE IDIOMA			Nivel básico (1º e 2º)	Nivel intermedio (1º e 2º)	Nivel Avanzado (1º e 2º)

(As CC AA que o desexen poderán establecer a implantación con carácter anticipado)

centros (art. 70.2), a creación de "centros docentes de especialización didáctica" (art. 66) e, ademais dos criterios prioritarios de admisión actuais, poderá considerarse o expediente académico (disposición adicional quinta .3 -bacharelato-, .6 -para ciclos medios-) o que vai xerar diversas categorías de centros públicos o que non axudará a unha adecuada cohesión social. Ademais o Consello Escolar e o Claustro de profesores perden autonomía ante a Dirección ó pasar a ser só órganos de participación e control na xestión dos centros.

### Estructura do sistema educativo

O sistema educativo comprende (ver cadro):

- 1.- Educación preescolar
- 2.- Ensinanzas escolares
  - a) Réxime xeral: Ed. infantil, Ed. Primaria, Ed. secundaria (ESO, bacharelato e FP de grao medio), e FP de grao superior.
  - b) Ensinanzas de réxime especial: Artísticas, de Idiomas e Deportivas.
- 3.- Ensinanza universitaria.

O ensino básico comprende a Educación Primaria e a Educación Secundaria Obligatoria, este é obrigatorio e gratuito. O ensino básico abrangue dez anos de escolaridade, iniciándose ós seis ata o curso que cumpra os dezaseis. Non obstante

os alumnos terán dereito a permanecer ata os dezoito ("sempre que o equipo de avaliación considere que, de acordo coas súas actitudes e intereses poida obter o título de Graduado en ESO" -art. 21.2 da LOCE-).

### Educación preescolar

A LOCE diferencia o período de 0-3 anos, que vai ter unha finalidade educativa e asistencial, e que será impartida por mestres especializados en educ. infantil, Técnicos Superiores en ed. inf. ou por outros profesionais coa debida cualificación. (R.D. 828/2003 de 27 de xuño). Perdendo o carácter unitario de toda a etapa de infantil de dous ciclos, e toma un carácter de asistencial que non tiña o 1º ciclo da educación infantil anterior, e os mestres especialistas deixan de ser os únicos responsables desta etapa educativa.

### Educación Infantil

Ten só o carácter educativo, o segundo ciclo 4-6 anos. Permanece o carácter de voluntaria, xurdindo o de gratuíta ó garantir a Administración un posto escolar non só nos centros públicos senón tamén nos privados concertados, o que vai xerar unha desigualdade no tipo de oferta segundo medio rural e urbano, e entre barrios nas cidades; polo que xa dende infantil estaranse a reproducir situacións sociais de privilexio -este alumnado permanecerá nestes centros, sempre que acade bos resultados-, e ó estar subvencionada (dende o curso

2004-05) vaise perder a garantía anterior de oferta suficiente nos centros públicos.

Sobre a lingua estranxeira nesta etapa, que nalgúns centros xa se impartían experimentalmente, agora incorpórase o que "as administracións a promoverán".

E no espírito do "esforzo" da lei, introduce como obxectivo en lectura e escritura a "lectura de palabras e textos en voz alta con pronunciación, ritmo e entoación adecuados" (3.2.g do R.D.829/2003, BOE 01/07/03) o cal coidamos, que polo menos, pode angustiar a mestres e nenos, se non temos en conta os diferentes niveis de desenvolvemento e ritmos de aprendizaxe nesta etapa.

### Educación Primaria

A súa estrutura permanece igual, seis anos en tres ciclos de dous anos. Podendo permanecer só un ano máis ó longo da etapa de non acadar os obxectivos dun ciclo. Ademais dos obxectivos comúns á anterior lei, fai fincapé nos de "estudio e traballo", e pola contra non aparece o carácter "global e integrador" das diferentes áreas, o que se reflicte nunha avaliación só "continua" e que terá en conta o progreso do alumno no conxunto das distintas áreas - así Coñecemento do medio natural, social e cultural denomínase agora área de Ciencias, Xeografía e Historia-.

### Educación secundaria

-Educación Secundaria Obligatoria (ESO)

Esta etapa será igual de catro cursos (ver cadros adxuntos), mais hai que salientar:

que os alumnos que non superen os obxectivos das distintas áreas de cada un dos cursos en xuño (antes 1º e 2º formaban un ciclo) terán unha proba extraordinaria -en Galicia será en setembro, Or. 25/08, DOG 15/09/03- (as Comunidades gobernadas por socialistas propoñen finais de xuño; de feito xa na segunda etapa da antiga EXB, había estes exames e non tiñan ba-

Itinerarios e asignaturas na ESO				
Cursos	RD de ensinanza mínimas 3473/2000, e RD 831/2003 "ordeación básica e ensinanza comúns". Para Galicia D. 233/2002 (DOG 17/07/02)			
1º e 2º	Mantéñense con carácter xeral, as asignaturas contempladas nos citados R.D.			
3º	Asignaturas comúns		Asignaturas específicas de cada itinerario	
	Bioloxía e Xeoloxía Educación Física Lingua Castelá e Lit. Lingua Galega e Lit. Sociedade, Cultura e Relixión	Cultura Clásica Xeografía e Historia Lingua estranxeira	Itinerario Tecnolóxico: Matemáticas A Tecnoloxía Educación Plástica	Itinerario Científico-Hu_ manístico: Matemáticas B Física e Química Música
4º	Educación Física Xeografía e Historia Lingua Castelá e Lit. Sociedade, Cultura e Relixión	Ética Lingua estranxeira Lingua Galega e Lit. Sociedade, Cultura e Relixión	Itinerario Tecnolóxico: Matemáticas A Tecnoloxía 3ª asignatu. (1)	Itinerario Científico; Matemáticas B Fisi-Química B 3ª asignatu. (1)
	Itinerario Humanístico: Matemati. A/B Latín 3ª asignat. (1)			
(1) Unha entre Ed. Plástica, Música, Bioloxía-xeoloxía, Física-química A, Tecnoloxía				
(*) As Administracións educativas poderán seguir ofertando asignaturas optativas, no que a 2ª lingua estranxeira será de oferta obrigatoria en todos os cursos da etapa.				
Programas de Iniciación Profesional (PIP) (2 cursos)		- Ámbito Social e lingüístico - Lingua estranxeira - Sociedade, Cultura e Relixión	- Ámbito Científico e matemático - Educación Física - Módulos de Formación Profesional	

se pedagóxica nun ensino obrigatorio).

. cando o número de materias non superadas sexa superior a dúas, o alumno terá que "repetir" o curso completo (cada curso só se repetirá unha vez), a Relixión entre elas, para o próximo curso 2004-05 está prevista a "Sociedade, Cultura e Relixión" na súa opción confesional ou non, como materia avaliable. As materias pendentes serán avaliadas nos cursos seguintes

. ó finalizar 2º curso co fin de orientar ás familias e alumnos emitirase un informe individual de orientación escolar.

. os alumnos para a obtención do título de Graduado en ESO teñen que haber superado todas as asignaturas da etapa -excepcionalmente o equipo avaliador poderá propor o título, ó alumnos que remataren cuarto, cunha ou dúas materias non aprobadas, "sempre que non sexan simultaneamente dúas entre matemáticas, lingua galega ou lingua castelá" (Or. 25/08/03); o cal pode levar a entender de xeito diferente a "excepcionalidade" ós diferentes centros.

. este título será único, tanto para os diferentes itinerarios como para os P.I.P.; e nel constará a nota media da etapa (art. 31.1 da Lei), respecto as cualificacións numéricas na orde de agosto citada aínda non se contemplan, mais hai comunidades como a Comunidade de Madrid que si (BOCM de 8/09/03) ó darlle as Administracións esta potestade (RD 827/03) o cal como xa comentamos vai ser un criterio de segregación do alumnado nos niveis postobrigatorios.

. os Programas de Iniciación Profesional (PIP), son unha especie de síntese dos actuais Programas de Diversificación Curricular (polo agrupamento de asignaturas en ámbitos) e pola outra os Módulos de Formación Profesional dos actuais Programas de Garantía Social -modalidade A-; pero no fondo fai unha ESO de diferentes niveis, que levará a que uns centros teñan certos itinerarios e especialización curricular e noutros sexan maioría os PIP, xa que "as Administracións educativas pode-

Bacharelato LOCE			
Cursos	Asignaturas comúns (currículo D. 231/02, DOG 15/07/02 e RD 832/03, BOE 4/7/03)		
1º	Educación Física Lingua estranxeira	Filosofía Lingua Galega e Lit.	Lingua Castelá e Literatura Sociedade, Cultura e Relixión
2º	Hª da Filosofía e da Ciencia Lingua Galega e Literatura	Historia de España Lingua Castelá e Lit.	Lingua estranxeira
Asignaturas	Modalidade de Artes	Mod. Ciencia e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Soc
3 específicas en cada curso	Debuxo Artístico I e II Debuxo Técnico I e II Fundamentos de Deseño Historia da Arte Imaxe Tec. Expresión Gráfico-Plás Volumen	Bioloxía Bioloxía e Xeoloxía CC da Terra e Medioambiente Debuxo Técnico I e II Electrotecnia Física Física e Química Matemáticas I e II Mecánica Química Tecnoloxía Industrial I e II Tec. da Información e Comu.	Economía Economía e Org. De Empresas Xeografía Grego I e II Historia da Arte Hª do Mundo Contemporáneo Hª da Música Latín I e II Matem. aplicadas ás Ciencias Sociais I e II 2ª Lingua estranxeira
Optativas	As Administracións regularán a oferta. Poderán ofertarse específicas das outras modalidades		

rán adecuar este principio á demanda dos alumnos e as características e recursos dos centros" (art. 26.4 da Lei). E os seus alumnos serán os maiores de quince Anos que non opten polos dous itinerarios de 3º, os maiores de dezaseis cumpridos (art. 27.2) e os estranxeiros "os alumnos maiores de quince anos que presenten graves problemas de adaptación á ESO poderán incorporarse os PIP" (art. 43.3).

- Educación secundaria postobrigatoria.  
a) Bacharelato.

. Como se ve no cadro só haberá 3 modalidades: a) Artes, b) Ciencias e Tecnoloxía, e c) Humanidades e Ciencias Sociais. Polo que desaparece o actual Tecnolóxico, cunha rama especialmente técnica como era a súa opción B, o que vai incidir naqueles alumnos que escollesen esa modalidade cara ós Ciclos Superiores dese ámbito; e nos IES que na actualidade só teñen as modalidades de Ciencias da natureza e da saúde e de Tecnoloxía, verán reducida a súa oferta de catro opcións -mais ben tres polo solapamento das opcións A- a só unha modalidade.

. A principal novidade e máis polémica, é que para acadar o título de Bacharel será necesario a superación de todas as asignaturas e ademais a Proba Xeral de Bacharelato (primeira en xuño do 2005). Esta vai ter unha composición moi semellante a actual PAAU (selectividade), pero contará cun exercicio oral na lingua estranxeira. Dito Título facultará para acceder ós estudos universitarios (para o Consello de Coordinación Universitaria pa-

rece suficiente, tal vez para o acceso a determinadas carreiras ademais da nota final -media ponderada do expediente e PXB- terán prioridade haber cursado determinadas asignaturas). Tamén será necesario o título para acceder ós Ciclos Superiores de FP -actualmente só con ter superado os dous cursos-; os que os teñan aprobados aínda que no superasen a PXB poderán presentarse á Proba de Acceso sen o requisito da idade -ter vinte anos ou cumprilos no ano de realización da mesma-.

#### b) Formación Profesional.

. Xa comentamos da necesidade do Título de Bacharelato para acceder directamente ós ciclos formativos de Grao Superior. Polo que seguirá habendo as Probas de Acceso, para os ciclos superiores os de carácter xeral -vinte ou cumprilos neseo ano-, e ademais -xa no ano de cumprir os dezoito- os que teñan aprobado os dous cursos de bacharelato e os Técnicos -título de Grao Medio- relacionados coa súa familia profesional -só a madurez en relación cos obxectivos do bacharelato-.

Ós ciclos medios accederán directamente os Graduados en ESO (igual que agora), e aqueles que superen a Proba de Acceso ós mesmos -coidamos que con semellantes condicións as actuais-.

### **Alumnos con necesidades educativas específicas**

Na procura dunha igualdade de oportunidades para unha educación de calidade superadora de desventaxas sociais ou situacións de desenvolvemento persoal moi específicos, a LOCE considera tres eidos seguintes -sen citar os grandes principios sobre a educación especial de normalización e integración escolar que recollía a LOXSE e xa viñan da LISMI-:



a) Dos alumnos estranxeiros.- contempla a posta en marcha de programas específicos de aprendizaxe, e a citada incorporación ós PIP dos maiores de quince anos. Mais o lexislador lévamos a reflexión co de "a incorporación ó sistema educativo suporá a aceptación das normas de carácter xeral e as de convivencia" (art. 42.3).

b) Dos superdotados (RD 943/03, BOE 31/07/03).- cita un principio de equidade que garante unha igualdade de oportunidades de calidade. Vai permitir a flexibilización -tres anos no ensino básico e un máis no postbrigatorio, ou casos máis excepcionais (art. 7.1), superior ós actuais-. Pero ademais contempla a escolarización en centros "adecuadas características" (art. 43. 4 da Lei) que rompe os principios de normalización e integración, manifestando de novo a Lei a diferenciación e segregación, neste caso parece ser que das "elites".

c) Sobre os alumnos con necesidades educativas especiais.- ademais da escolarización en centros ordinarios, en centros de educación especial, e da escolarización combinada, aparece de novo a escolarización en aulas especializadas en centros ordinarios que é un tema que parecía superado e que pode levar a unha segregación no propio centro (art 45.1 da Lei, pero xa reflectidos na Or do 27/12/02, DOG 30/01/03). Incrementa nun ano ata os vinteún ó límite para permanecer escolarizados nun centro de educación especial.

### **Universidade**

Por último un comentario sobre a nova estrutura dos estudos universitarios no espazo europeo de educación superior emanado do Grupo de Bolonia.

- Grao, primeiro nivel, sustitúe os actuais títulos de primeiro e segundo grao (licenciado, arquitecto...), sobre catro anos de 180 a 240 créditos. En estudio os novos créditos.

- Postgrao, títulos oficiais de Master -vixente na maioría de países europeos- e Doctor.

A partiren de setembro de 2003 non poderán aprobarse novos Plans de estudos. Dende este outubro a finais de 2006 elaborase o novo catálogo de títulos oficiais. Do 2004-05 implantación das novas ensinanzas. No 2010 implantación total das novas ensinanzas.